



# APDR

## Asociación pola defensa da Ría

### COMUNICADO DE PRENSA DA APDR E DA PLATAFORMA ESTATAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA ANTE O **DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE** E O SUICIDIO DUNHA PERSONA ELECTROHIPERSENSIBLE

Ante o suicidio o mércores 28 de novembro de Ángela Jaén, veciña de Pinto, Madrid, electrohipersensible (EHS) e afectada na súa vivenda polas antenas de telefonía móbil,

A Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) participou como grupo membro na asemblea da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética (PECCEM), onde tódolos grupos que a representan, en especial, as asociacións de persoas afectadas pola electrohipersensibilidade (EHS), solidarízanse coa familia e compañeiros-as de Ángela Jaén, lamentan este doloroso suceso e fan un chamamento ás autoridades para que tomen partido pola saúde pública e atendan á urxente situación das persoas afectadas pola contaminación electromagnética.

**Só así se evitará que outras persoas afectadas, na súa desesperación ante a indiferenza oficial** polo seu estado de saúde e a degradación das súas condicións de vida (sanitarias, laborais, culturais, sociais, de vivenda, etc.), sigan o camiño desta compañeira madrileña.

Desde o traballo cotián das nosas organizacións, **cónstanos que lamentablemente non estamos ante o primeiro caso de suicidio asociado á contaminación electromagnética. E o grave é que diariamente atendemos cada vez máis casos de persoas que se atopan en circunstancias similares** ás sufridas pola nosa compañeira Ángela Jaén e a súa familia.

**Porque a súa traxedia sexa a última, polos nosos dereitos, pola saúde de toda a poboación**, instamos á aplicación urxente do Principio de Precaución e ao recoñecemento da EHS como discapacidade funcional, como se fai en Suecia e como recomendan o Consello de Europa, o Parlamento Europeo e a Axencia Europea de Medio Ambiente.

**Tendo en conta de que este luns 3 de decembro celébrase o Día Internacional das Persoas con Discapacidade**, denunciaremos a irresponsabilidade das administracións públicas ante a violación dos dereitos humanos e a situación límite destas persoas discapacitadas funcionalmente polo despregamento caótico de todo tipo de dispositivos emisores de radiofrecuencias.

Así mesmo, a Plataforma Estatal adhírese ao comunicado da **Asociación Electrosensibles polo Dereito á Saúde**, que se achega a continuación.

**Contacto: Coordinación a nivel galego da PECCEM:**

**Xulio 986 84 76 70 / [apdr@apdr.info](mailto:apdr@apdr.info)**

**Fini 981 35 69 76 / [f-manso@mundo-r.com](mailto:f-manso@mundo-r.com)**



# APDR

## Asociación pola defensa da Ria

### ANTE O SUICIDIO DE ÁNGELA JAEN. AFECTADA DE HIPERSENSIBILIDADE ELECTROMAGNÉTICA

Desde a ASOCIACIÓN DE ELECTROSENSIBLES POLO DEREITO Á SAÚDE, vémonos na triste situación de comezar a nosa andaina coa morte dunha persoa afectada por Electrohipersensibilidade.

[Ángela Martin](#) quitouse onte a vida ao non poder nin querer vivir co gran sufrimento que produce este padecemento.

Tras un ano de constante procura dun lugar limpo de contaminación electromagnética por parte da súa familia, Ángela non puido soportar nos últimos días unha nova inmisión deste tipo de radiacións na vivenda na que se había refuxiado. [Os síntomas reapareceron con forza](#) con efectos devastadores para o seu sistema nervioso e Ángela non tivo a forza de resistilo.

**Denunciamos a pasividade e a desatención de autoridades competentes** que viviu Ángela que se viu obrigada a fuxir da súa casa con altísimos niveis de radiación afectada por unha antena de telefonía situada a 50 metros da mesma. Ante todo isto, as autoridades de Pinto, onde residía, non lle deron ningunha resposta, a pesar das súas peticións e as da súa familia. Ademais sufriu unha atención inadecuada dos responsables de saúde pola non aceptación da orixe da súa sintomatoloxía, tratando o problema como psiquiátrico, que veu agravar a súa situación e padecemento. Este caso é representativo do sufrimento que actualmente estamos experimentando todas as persoas afectadas que non atopamos tratamento sanitario adecuado nin ningún apoio institucional ante o aumento descontrolado deste tipo de radiacións que nos enferman.

Desde a asociación de recente creación Electrosensibles polo dereito á saúde, **mostramos a nosa consternación ante estes feitos e lanzamos unha chamada de atención á opinión pública, autoridades políticas e sanitarias** da [grave situación en que nos atopamos as persoas con Electrohipersensibilidade](#).

**Reclamamos a necesidade urxente de atender este problema de saúde xerado pola masiva exposición descontrolada de radiacións electromagnéticas, nunha sociedade na que non é posible atopar un recuncho libre desta contaminación, onde as redes wifi e de telefonía móbil e inalámbrica invadiron todo lugar: Hospitais, Centros de saúde, trens, metro, autobuses, Escolas, Universidades, Domicilios, etc., que están enfermado a moitas persoas que perden a súa saúde, o seu traballo e as súas casas, sen recibir ningún apoio e protección.** Todo iso a pesar das alertas dos riscos para a saúde, lanzadas en múltiples [declaracións científicas, recomendacións da UE](#), e da recente [clasificación de posiblemente canceríxeno por parte da OMS](#). **Denunciamos tamén a conivencia e ausencia de intervención ante este grave problema de saúde pública por parte das autoridades políticas**, que ceden ante as presións do lobby de industria das telecomunicacións e decántanse polos beneficios económicos sen atender os efectos negativos deste despregamento tecnolóxico sobre a saúde dos seus cidadáns, **ignorando a aplicación do principio de precaución**, que contribuiría a facer compatible a tecnoloxía coa vida saudable.

Animamos a todas as persoas afectadas de Electrohipersensibilidade a organizarse, autoapoiarse e loitar para conseguir unha vida digna con saúde, para evitar que ninguén se volva a atopar na situación de Ángela.

[Ángela, non che imos esquecer](#), a túa morte impúlsanos con máis forza a seguir loitando pola vida!

**Contacto:**

Electrosensibles polo Dereito á Saúde: Minerva Palomar (\*) 915656538. [mima@nodo50.org](mailto:mima@nodo50.org)

Familia: Angel Martin. (fillo). 912495282

\* [Minerva Palomar](#), voceira desta asociación presentou en Pontevedra un acto da APDR sobre electrocontaminación en novembro de 2011 en calidade de primeira persoa a nivel estatal con “incapacidade permanente” recoñecida por hipersensibilidade electromagnética e ambiental.